

NOTA INFORMATIVA

AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA DE 6º DE PRIMARIA

Estimada familia,

O centro escolar onde cursa estudos o seu fillo/a resultou seleccionado dentro da mostra para realizar a proba diagnóstica de 6º curso de Educación Primaria, que terá lugar os vindeiros días 23 e 24 de maio.

Informámoslos de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai aplicar esta proba en cumprimento do acordo acadado por unanimidade entre o Ministerio de Educación e todas as Comunidades Autónomas do Estado e referendado no Congreso dos Deputados, polo cal esta avaliación deixa de ser censual e pasa a ter carácter mostral. É dicir, que non a teñen que realizar todos os centros educativos, senón tan só aqueles que foron seleccionados para a mostra, como é o caso do centro onde estuda o seu fillo/a.

Este tipo de avaliacións teñen un **obxectivo claro e único: obter a necesaria información comparada do sistema para poder deseñar programas de mellora no eido educativo.**

Son, por tanto, unha ferramenta -que non a única- que se emprega para testar o estado actual da educación, anticiparnos a posibles eivas e poñer os medios para corrixilas. Probas coma esta fanse de xeito normalizado no resto de países europeos (Francia, Alemaña, Reino Unido...); e seguen unha metodoloxía similar ás internacionalmente recoñecidas probas PISA.

Desde a Administración educativa queremos subliñar que **esta proba é anónima, e os resultados obtidos non computan en ningún caso para as cualificacións do alumnado, nin forman parte nin teñen efecto ningún no expediente.**

Polo tanto, enmárcanse dentro da actividade ordinaria dos centros escolares, xa que **non substitúen o labor do titor/a, senón que o reforzan, como ferramenta metodolóxica complementaria.**

Ademais, non se avalían materias concretas, senón a competencia matemática, lingüística e en ciencia e tecnoloxía. É dicir, **as probas non miden o que saben os alumnos e as alumnas, senón como aplican os coñecementos dos que dispoñen.**

Desde a Consellería de Educación queremos enviar unha mensaxe de tranquilidade tanto ás familias como ao alumnado, xa que esta proba é unha ferramenta diagnóstica máis que se realiza en todas as Comunidades Autónomas, e que é practicamente idéntica ás que se viñan facendo desde o curso 2009/10 en 4.º curso de Educación Primaria co obxectivo único de mellorar o conxunto do sistema educativo.

A consecución dun sistema educativo máis innovador, de máis calidade, máis equitativo e máis inclusivo é unha tarefa do conxunto da comunidade educativa, e require da implicación de todos os actores; polo que agradecemos a colaboración dos docentes, das familias e do propio alumnado.